

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 17/02/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA
LINO MOURIÑO SANTIAGO
LUZ MARIA ABALO PÉREZ
JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO
MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ
DIEGO GARCIA SANTIAGO

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 17/02/2020 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 10 de febreiro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/0663

Na X.G.L. do día 2/12/2019 aprobouse adxudicar a compra de tres impresoras Zebra ZQ320, dous escáneres Fujitsu fi-7030 e dúas tablets gráficas WACOM STU-530 á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 3.686,87 € IVE incluído.”

Debido a problemas de compatibilidade coa aplicación de xestión de Ingresos GTT foi necesario cambiar o modelo de impresora, é dicir, as impresoras Zebra ZQ320 foron cambiadas polo seguinte modelo DATECS DPP-350C coas mesmas prestacións. O importe da adxudicación total varía pasando a ser de 3.357,02 € IVE incluído, por todo o anterior é necesario modificar o acordo de X.G.L. do día 2/12/2019.

Visto o informe do Departamento de Informática, a Xunta de Goberno Local acorda a modificación do citado acordo de X.G.L. do día 2/12/2019, no seguinte sentido:

Onde di:

Adxudicar a compra de tres impresoras Zebra ZQ320, dous escáneres Fujitsu fi-7030 e dúas tablets gráficas WACOM STU-530 á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 3.686,87 € IVE incluído.”A compra de tres impresoras Zebra ZQ320, dous escáneres Fujitsu fi-7030 e dúas tablets gráficas WACOM STU-530 á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 3.686,87 € IVE incluído.”

Debe dicir:

Adxudicar a compra de tres impresoras DATECS DPP-350C, dous escáneres Fujitsu fi-7030 e dúas tablets gráficas WACOM STU-530 á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 3.357,02 € IVE incluído.

PRP2020/0683

Na X.G.L. do día 25/11/2019 aprobouse a compra de cinco escáneres Fujitsu fi-7030 e cinco tablets gráficas WACOM STU-530dez á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de

4.469,74 € IVE incluído.”

Debido á descatalogación das tablets gráficas WACOM STU-530dez, foi necesario realizar un cambio de modelo coas mesmas prestacións, o novo modelo é WACOM STU-540. O importe da adxudicación pasa a ser de 4.628,25 € IVE incluído, por todo o anterior é necesario modificar o acordo de X.G.L. do día 25/11/2019.

A Xunta de Goberno Local acorda modificar o acordo de X.G.L. do día 25/11/2019, do seguinte xeito:

Onde di:

“Adxudicar a compra de cinco escáneres Fujitsu fi-7030 e cinco tablets gráficas WACOM STU-530dez á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 4.469,74 € IVE incluído”.

Debe dicir:

Adxudicar a compra de cinco escáneres Fujitsu fi-7030 e cinco tablets gráficas WACOM STU-540 á empresa Ozona Consulting S.L., por un prezo de 4.628,25 € IVE incluído.

PRP2020/0686

Dáse conta do escrito presentado por Dona M^a de los Angeles Cifuentes Maneiro, en representación de Asociación Protectora de Animais de Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para ocupación de vía pública coa instalación dunha carpa en Alcalde Rey Daviña, o día 7 de marzo de 2020, en horario de 10:00 a 15:00 horas, para captación de socios e información.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0687

Dáse conta do escrito presentado por D. Germán Torres Canay, responsable local do BNG en Vilagarcía de Arousa, solicitando autorización para realización dun acto da citada organización política diante do busto de Rosalía de Castro en Carril , o día 23 de febreiro, en horario de 11 a 14 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.

- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2020/0690

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para subministro de material para reparación e mantemento de beirarrúas durante o exercicio de 2020, con cargo á partida 453.210, a favor de Intermaco SL, por un importe total estimado de 6.725,46 € (IVE incluído), para o subministro de cemento e baldosa, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0691

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas - Saneamento, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o subministro de material para reparación e mantemento de saneamento e pluviais durante o exercicio de 2020, con cargo á partida 161.210, de conformidade co orzamento presentado por Intermaco SL para subministro de tubos, por un importe total estimado de 4.338,09 € (IVE incluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0693

Vista a proposta do Servizo de Vías Públicas - Mellora Rural, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para o alugueiro por horas de distintos vehículos, maquinaria e material para desenvolvemento do Departamento durante o exercicio de 2020, con cargo á partida 454.203, de conformidade co orzamento presentado por Proyectos y Obras SLU, por un importe total estimado de 14.588,97 (IVE incluído).

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0694

Vista a proposta do Servizo de Alumeado en relación co cambio de tarifa de enerxía eléctrica do Colexio de Rubiáns, que suporá un aforro aproximado de 1.500 € anuais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente aos dereitos de extensión a favor da Empresa distribuidora UFD Distribución Electricidad, SA, por un importe de 772,02 € (IVE incluído), con cargo á partida 3230.22100, debendo aportar a correspondente factura para poder proceder ao aboamento do citado importe.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0695

Dáse conta do escrito presentado por CD Fincas SC, en representación de CP A Maroma 5, solicitando a adopción de medidas en relación con:

- 1) A continua formación dun gran charco fronte á beirarrúa do edificio, o que fai que ao pasar os vehículos salpiquen ás persoas que acceden ao mesmo e dificulta que poidan cruzar a rúa.
- 2) Necesidade de regulación da velocidade do tráfico polo paso estreito que hai á saída do edificio.
- 3) A baranda protectora do ría está rota o que supón un risco para as persoas.
- 4) No lateral do edificio a parte que da cara Fexdega existe unha zona de circulación nun só sentido que non ten separación entre a zona de vehículos e peóns.
- 5) Na parte de atrás do edificio existen varias construcións que se atopan sen rematar, que da lugar a que en ocasións se xeren situacións pouco cívicas.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

- Non se observa focha/bache ningún no tramo diante do nº 14 dde Rodrigo de Mendoza.
- No tocante ás velocidades da zona estreita, realizados controis non se observaron velocidades excesivas que requiran a adopción de algunha medida redutora complementaria.
- En relación coa barandilla, atópase ben suxeita e sen risco de derrube.
- No tramo lateral, efectivamente conviven a circulación de peóns e vehículos, polo que sería conveniente a sinalización horizontal dun paso de peóns lateral para comunicar as dúas beirarrúas (a da zona frontal de Fexdega e a da zona traseira do edificio).
- En relación coas "condutas incívicas", aconséllase que ante calquera delas, o poñan en coñecemento da central da Policía Local, ou ben procedan á correspondente denuncia.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- Que se proceda a instalar o paso de peóns tal e como se indica no informe da Policía Local.
- Que polo Servizo de Alumado público se comprobe o correcto funcionamento do mesmo.

Dar conta a Policía Local, Servizo de Sinalización e Servizo de Alumado Público.

PRP2020/0697

Dáse conta do acordo de Portos de Galicia de inicio de procedemento administrativo sancionador (ref. sanc. 03-20-02) a instancia de acta de denuncia nº 69/19 formulada pola Gardapeiraos, as 17:25 horas do día 2 de decembro de 2019 no Porto de Vilaxoán no que indica que realizada rolda do servizo atopa un cable eléctrico que vén dende unhas luces de nadal colocadas no Centro Cultural de Vilaxoán, enganchadas a un farol do Paseo do Preguntoiro, farol pertencente ao tendido eléctrico de Portos de Galicia, polo que impón ao Concello de Vilagarcía de Arousa unha sanción por importe de 150 €, podendo proceder ao pago voluntario cunha redución do 30%.

Dáse conta de que o Arco de alameda estivo colocado no tendido eléctrico de Portos de Galicia unicamente do día 2 ao 3 de decembro de 2019.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda formular alegacións, dado que o arco de alameda estivo conectado ao tendido eléctrico de Portos de Galicia unicamente do 2 ao 3 de decembro de 2019, posto que, unha vez coñecidos os feitos, foi trasladado o arco de luces de Nadal ao alumado público municipal.

Acórdase así mesmo proceder ao aboamento da sanción e o recoñecemento de obriga a favor de

Xunta de Galicia, Consellería do Mar, por importe de 105,00 €, con cargo á partida 929.22699.

PRP2020/0699

Dáse conta de Setenza 24/2020, do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 2 de Pontevedra, en autos do Procedemento abreviado nº 86/19 contra desestimación presunta do Concello de Vilagarcía de Arousa, en relación á petición formulada por D. Enrique Porto Rey en relación a pago de cantidade derivada de expropiación, que estima parcialmente a demanda presentada recoñecendo ao demandante o dereito a percibir a cantidade que corresponda por xuros sobre o xustiprezo, a cargo do Concello, dende a presentación da folla de aprecio, o 3/03/10 ata o 21/12/10 e como xuros legais sobre o xustiprezo por demora polo pago do mesmo, dende o 19 de maio de 2013 ata o 3 de setembro de 2018, o que supón a contía de 7.904,76 €, unha vez xa descontada a xa aboada polo Concello, debendo engadirse a que corresponda por xuros legais dende o 22 de novembro de 2018 e ata o completo pago.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor de D. Enrique Porto Rey, polo importe total de 8.200,93 € con cargo á partida 929.22699, coa seguinte desagregación:

- Principal: 7.904,79 €
- Xuros de demora: 296,14 €

PRP2020/0734

Dáse conta do escrito presentado por D. Jose Carlos Costichs Da Silva solicitando autorización para instalar na Praza da II República un inchable e a atracción "Torito", do 21 de febreiro ao 1 de marzo.

A Xunta de Goberno local acorda non acceder ao solicitado dado que a ubicación solicitada non se considera adecuada para este tipo de instalacións, ao tratarse dun espazo público dedicado ao espaxamento e xogo por estar situado xunto ao Parque Infantil.

RECURSOS HUMANOS

PRP2020/0700

Dáse conta da comunicación á Academia Galega de Seguridade do cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación vixente para a convocatoria do proceso selectivo das seguintes prazas do corpo de policía local:

- 1 Praza de Inspector Principal
- 3 Prazas de Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2020/0707

Dáse conta da resolución da Dirección Xeral de Inclusión Social, da Consellería de Política Social, complementaria de asignación de transferencias finalistas correntes ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16, de marzo, pola que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento nos seguintes concepto e contía. Escola Infantil Municipal, por importe de 72.000,00 €.

Total asignado. 72.000 €

Líquido a percibir (2º anticipo): 72.000 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0708

Dáse conta da resolución de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2019) en concepto de persoal e SAF Básico, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Total asignado: 144.562,84 €

- 1º Anticipo xa librado no 1º catrimestre: 71.217,83 €

- Líquido a percibir (2º anticipo): 73.345,01 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/0709

Vista a proposta dos Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Castroman I, SL para o subministro dunha vitrocerámica "Balay Vitro Ind 4V IX" para a súa colocación no piso de acollida do Concello de Vilagarcía de Arousa, por un importe total de 164,46 € (IVE incluído), con cargo á partida 231.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO**PRP2020/0710**

Vista a proposta da Directora do Obradoiro de Emprego "Forme 19 Concello de Vilagarcía", a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Quirón Prevención SLU, por un importe total de 1.500,00 € (IVE exento), con cargo á partida 2412.22799, para a realización dun Curso de Prevención de Riscos Laborais de nivel básico, de 60 horas, modalidade presencial, para a especialidade de "Pintura Decorativa en Construcción" do citado Obradoiro de Emprego.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2020/0711

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro de 2020, de aprobación bases e convocatoria do Concurso de Iniciativas Emprendedoras Concello de Vilagarcía de Arousa, figurando no mesmo:

.... cun orzamento, en concepto de premios de 1.600,00 €, con cargo á partida 241.48100.

E debendo figurar:

.... cun orzamento, en concepto de premios de 16.000,00 €, con cargo á partida 241.48100.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2020/0648

Dáse conta de informe do Departamento de Promoción Económica en relación cos expedientes sancionadores en materia de ruídos e incumprimento de horario de peche en establecementos abertos ao público, iniciados no mes de xaneiro de 2020 e tramitados electronicamente, en base ao acordo adoptado en sesión da Xunta de Goberno Local do día 20 de febreiro de 2017, no que se aprobou como localizadores uniformes de recursos (RL) oficiais do Concello de Vilagarcía de Arousa o seguinte:

Subdominio da sede electrónica: <https://sede.vilagarcia.gal>, derivado do dereito e obrigaón dos cidadáns de relacionarse electronicamente co Concello:

- 13 Expedientes por infraccións en materias de ruídos
- 7 Expedientes por incumprimento de horario de peche.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2020/0713

Dáse conta de publicación no DOG de 10 de febreiro de 2020, da Orde da Consellería de Cultura e Turismo pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas, con destino a bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020.

A Xunta de Goberno Local acorda participar na convocatoria, e en consecuencia, solicitar subvención para dous programas:

Programa A: Subvencións para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico.

Programa B: Subvencións para a mellora de coleccións bibliográficas.

PRP2020/0712

Dáse conta de publicación no DOG nº 27, de Orde do 7 de xaneiro de 2020, da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento CT236A), cun prazo de presentación ata o 10 de marzo de 2020.

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Participar no Programa “LER CONTA MOITO”, empregando o importe que se conceda a financiar o 75% do custo de cada unha das actividades, debendo financiar con fondos propios o 25% restante de cada actividade.
- Autorizar á Dirección da Biblioteca Municipal para levar a cabo as xestións e programación das actividades correspondentes.”

PRP2020/0714

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de Guitarra a impartir polo guitarrista Rubén Abel Pazos, a celebrar o día 3 de abril de 2020, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

Modalidade	Taxas
Alumnos activos	40 €
Alumnos activos NON socios da Asociación ATRIL	45 €
Alumnos oíntes	De balde

PRP2020/0715

Vista a proposta da Directora do Conservatorio e o Concelleiro de Educación a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a organización dunha Masterclass de clarinete a a impartir polo clarinetista Efrén Ramos , a celebrar o día 2 de marzo de 2020, nas instalacións do Conservatorio Profesional de Música, en colaboración coa Asociación de Pais e Nais do Ensino Musical ATRIL, con aportación económica dos asistentes.

Modalidade	Taxas
Alumnos activos	30 €
Alumnos activos NON socios da Asociación ATRIL	35 €
Alumnos oíntes	De balde

PRP2020/0655

Vista a proposta da Concellería de Educación, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicación a Don Daniel Barreiro Garrido de 4 actuacións, a celebrar nos IES de Vilagarcía de Arousa, 2 o día 19 e 2 o día 20, con motivo da celebración o 24 de febreiro, do Ría de Rosalía de Castro, por un importe total de 1.430,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 320.22627, de conformidade co orzamento presentado.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

MERCADOS**PRP2020/0557**

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Domínguez Lorenzo, concesionario dos postos nº 1-2, exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía (Zona H), solicitando unha dispensa de seis meses no exercicio da actividade nos citados postos por motivos persoais.

Visto o informe do Xefe de Mercados, e tendo en conta o establecido no Artigo 30.3 do Regulamento Municipal de Mercados en vigor, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha dispensa de dous meses dende a data de solicitude.

PRP2020/0558

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Alcalde Santos, concesionaria do posto nº 21 da Praza do Peixe da Praza de Abastos de Vilagarcía, solicitando unha dispensa de seis meses no exercicio da actividade por motivos persoais.

Visto o informe do Xefe de Mercados, e tendo en conta o establecido no Artigo 30.3 do Regulamento Municipal de Mercados en vigor, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha dispensa de dous meses dende a data de solicitude.

Con respecto ao indicado no escrito sobre a transferencia do posto, na actualidade estaría suxeita ao preceptuado no Regulamento de Mercados en vigor, dado que o novo Regulamento a que fai referencia non está aprobado definitivamente na actualidade.

PRP2020/0716

Dáse conta do escrito presentado por Dona Mercedes Bello Magán, concesionaria dos postos nº 11-12-13, exteriores da Praza de Abastos de Vilagarcía (Zona H), solicitando unha dispensa de seis meses no exercicio da actividade nos citados postos por motivos de enfermidade.

Visto o informe do Xefe de Mercados, e tendo en conta o establecido no Artigo 30.3 do Regulamento Municipal de Mercados en vigor, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha dispensa de dous meses dende a data de solicitude.

SANIDADE

PRP2020/0675

Vista a solicitude de Dona Norha Milena Posada Castro, e o informe correspondente, a Xunta de Goberno acorda a adxudicación do alugamento do cinceiro nº 92 do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, por un período de 5 anos, a partir do 10 de xaneiro de 2020.

PRP2020/0676

Vista a solicitude de Dona Patricia Rodríguez Ferreira, e o informe correspondente, a Xunta de Goberno acorda adxudicarlle a concesión das unidades de enterramento 4474 e 4475 do Cemiterio Municipal de Vilagarcía de Arousa, coa seguinte desagregación:

- UE4474: nova concesión con efectos de 01/01/2020.
- UE4475, permuta coa EU3877, nas mesmas condicións.

Comunicarlle, así mesmo, que unha vez transcorrido o prazo de 75 anos, de conformidade co establecido no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal nº 5 Reguladora da Taxa do Cemiterio Municipal, deberá procederse, no seu caso, á renovación da concesión.

XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

PRP2020/0718

Vista a proposta do Servizo de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á cota do exercicio de 2020 a favor de Fundación Plácido Castro, polo importe de 1.800,00€, debendo aportar o recibo correspondente aos efectos de proceder ao pago do mesmo.

XUVENTUDE

PRP2020/0680

Dáse conta do informe da Concellería de Xuventude, en relación co reintegro á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da contía anticipada de 1650,00 € ao abeiro da Orde 28 /12/2018 de Subvención para entidades locais (Iniciativas locais de Xuventude) 2019, no que se indica:

ANTECEDENTES:

1º Resolución DO 20 DE MAIO DE 2019 do Acordo da Dª Xeral Xuventude, Participación e Voluntariado, ditado por delegación da Consellería de Política Social, de concesión de subvención para Iniciativas Locais dirixidas á xuventude polo importe de 5500,00€.

2º De acordo co artigo 2.1 da orde de convocatoria, a Dirección Xeral de Xuventude tramitou o pagamento anticipado do 80% da subvención concedida, por importe de 4.400,00€.

3º As actividades dirixidas á xuventude se correspondían con dúas actividades encadradas no programa formativo-cultural: Tecnoverán 2019 integrado por dúas actividades: 1ª Campamento urbano tecnolóxico, dirixido/a a mozos/as de 14 e 17 anos e realizado entre o 2 e o 6 de setembro de 2019 e a 2ª Hack the Vila (Hackathon) dirixido/a a mozos/as de 18 a 30 anos (realización prevista do 9 ao 13 de setembro).

4º Unha vez remitida a documentación á Dirección Xeral de Xuventude, procedeuse a xustificar unha das actividades solicitadas que correspondía a realización do campamento urbano tecnolóxico (Tecnoverán) dirixido/a a mozos/as de de 14 a 17 anos e realizado entre o 2 e o 6 de setembro de 2019. Esta actividade ascendeu a cantidade de 2750€ e por tanto o gasto realizado, polo concello, foi por este importe e por tanto de contía inferior ao orzamento do proxecto subvencionado (5500,00€) e por tanto ao importe anticipado.

5º A outra actividade subvencionada: Hack the Vila (Hackaton) dirixida a mozos /as de 18 a 30 anos non foi realizada por falla de inscricións suficientes polo que queda sen xustificar a cantidade de 2750,00€.

6º Solicitud de reintegro por importe de 1650,00€ ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2018 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á Xuventude durante o ano 2019 e se procede a súa convocatoria.

En consecuencia, A Xunta de Goberno Local acorda a devolución de ingresos solicitada, por importe de 1.650,00 €, que se corresponde coa diferenza entre o importe ingresado como anticipo e o gasto realmente xustificado.

Así mesmo, deberá remitirse á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado a copia do xustificante bancario da realización do devandito ingreso na conta do Tesouro da Comunidade Autónoma de Galicia nº ES82 2080 0300873110063172, co obxecto de dar traslado deste feito á Axencia tributaria de Galicia para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Este xustificante deberá conter os seguintes datos: nº de expediente (2019/29), nome do concello, concepto: reintegro Iniciativas locais dirixidas á xuventude.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2020/0664

Dáse conta de proposta do Departamento de Medio Ambiente en relación coa campaña da Deputación Provincial, dentro do Plan Revitaliza, de información e concienciación da compostaxe, que consiste na colocación dunha carpa informativa na Praza de Galicia o día 18 de febreiro, en horario de 10:00 a 13:00 horas, na que estarán dúas mestras composteiras da

Deputación co obxectivo de afondar no uso dos composteiros.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda autorizar a ocupación da vía pública para o desenvolvemento da citada actividade.

PRP2020/0717

Dáse conta do seguinte escrito da Sociedade Galega do Medio Ambiente (SOGAMA), en relación ao cumprimento das condicións bonificación canon 2019:

Como continuación do escrito enviado de 17 de setembro de 2019, recordámoslle que a súa entidade local solicitou no prazo establecido, a bonificación do canon de Sogama pola xestión dos residuos urbanos, comprometéndose ao cumprimento dos requisitos requiridos na DA 21 da Lei 11/2013

Como coñecen, esta bonificación vincúlase ao cumprimento de dous requisitos básicos: procurar unha redución da xeración de lixo e/ou fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros, conforme ás directrices europeas e o modelo de economía circular cara ao que debemos avanzar, así como trasladar esta rebaixa ao recibo da veciñanza en calidade de beneficiaria do servizo.

No marco da solicitude efectuada, a esta entidade local estáselle a aplicar, desde o 1 de xaneiro do 2019, unha rebaixa do 10% da factura de Sogama, que pasou dos 69,83 euros/tonelada + IVE aos 62,93 euros/tonelada + IVE.

Para poder ser beneficiarios desta medida, con anterioridade á finalización do mes de febreiro de 2020, deberán presentar á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A., unha certificación emitida polo órgano da entidade local que corresponda, na que se acredite o cumprimento das condicións sinaladas. No caso de que non se achegase dita certificación ou que se constatase o incumprimento das condicións establecidas, será de aplicación o canon sen bonificación que se facturará antes do 30 de marzo do ano 2020.

De estar interesados na aplicación do canon bonificado para o ano 2020 e prevexan non acreditar os requisitos da medida do ano 2019, deberá solicitarse á Sociedade Galega do Medio Ambiente, S.A. no prazo dun mes dende a publicación no DG do importe do canon unitario para 2020 e o importe bonificado(DOG nº15 do 23 de xaneiro de 2020). O prazo para presentar a solicitude remata o luns 24 de febreiro de 2020.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acora comunicar que o Concello de Vilagarcía adoptou as seguintes medidas:

1- Na ordenanza reguladora da taxa de recollida de lixo do ano 2019, acordouse trasladar, o importe equivalente ao da bonificación ás persoas beneficiarias do servizo, con efectos económicos de 2020.

2- Medidas específicas para o fomento da recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional e fomento de reciclaxe, mediante a plataforma web "Tropaverde".

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

CONSUMO

PRP2020/0650

Dáse conta da reclamación formulada por D. Gabriel Londoño Oliveros polos danos sufridos o día 7 de decembro de 2019, cando, segundo a súa manifestación, trataba de acceder co seu vehículo matrícula 7953JSD ao estacionamento de Fexdega, en Avda. Rodrigo de Mendoza, e sinte un impacto no mesmo debido á existencia dun burato e unha arqueta afundida.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Entrada ao estacionamento de Fexdega de 6,20 m. de ancho

Informe sobre a deficiencia alegada: Existe unha arqueta de 1,05 m. x 1,05 m. na marxe dereita da entrada a dito aparcamento afundida uns 10 cm. O aparcamento, na súa totalidade atópase 12 cm. máis alto que o vial de acceso, engadindo que a arqueta non é municipal.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación porque non queda acreditada a responsabilidade municipal, xa que a arqueta non é de titularidade municipal, polo que en todo caso deberá dirixir a súa reclamación á empresa titular.

PRP2020/0651

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Ana Belén Agrelo Fresco que solicita a reparación dos danos causados no vehículo con matrícula 2139DRD, cando segundo a súa manifestación estando estacionado na rúa Conde Vallellano nº 6, resultou danado por unha barreira de sinalización municipal

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Características da vía: Rúa de un sentido de dirección con aparcadoiros en batería oblicua.

Informe sobre a deficiencia alegada: Chegado o informe de responsabilidade patrimonial ás dependencias, non podemos asegurar se os valos golpearon dito vehículo, pero podemos confirmar que uns operarios municipais estiveron repartindo unha serie de valos durante eses días. Preguntado aos empregados estes non se dan conta se golpearon algún vehículo, polo tanto remítese ao informe dos axentes da Policía Local.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica:

Que sendo as 12:09 horas, son comisionados por J-2, para que comprobem uns danos de un turismo estacionado, provocados presuntamente por un valo municipal.

Que o vehículo se atopa estacionado na Rúa Conde Vallellano nº 6 en batería oblicua, a matrícula do mesmo é 2139DRD, marca Opel, modelo Corsa, do cor negro.

No lugar atopase a usuaria do mesmo, Dona Ana Belén Agrelo Fresco.

O vehículo presenta unha rozadura na porta dianteira esquerda, con aspecto recente, con restos de pintura vermella, do mesmo tono que a utilizada nos valos portátiles municipais que se colocan nos eventos. Na pata do valo aprecianse restos de pintura de cor negro como a do turismo afectado.

Na zona, momentos antes, unha brigada de obras acompañada da policía estiveran colocando os valos metálicos e carteis, para a procesión de Santa Rita. No momento de colocar a sinalización circunstancial o turismo xa se atopaba estacionado.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda estimar a reclamación presentada e o recoñecemento de obrigação a favor de Dona Ana Belén Agrelo Fresco, polo importe de 217,40 €, con cargo á partida 429.22699, debendo aportar a factura orixinal para poder proceder ao aboamento da mesma.

PRP2020/0652

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Leticia Dieste Rey polos danos sufridos o día 13 de outubro de 2019, cando, segundo a súa manifestación, cando camiñaba pola Avda. de Cambados, á altura do nº 127 sufriu unha caída nunha tapa de telefónica que non estaba en boas condicións.

Dáse conta do informe do Servizo Municipal de Obras no que se indica:

Que efectivamente a tapa está nesa dirección, pero sendo unha tapa da Empresa Telefónica, non é competencia do Concello, en todo caso habería que reclamálo a dita Empresa.

Dáse conta de informe de Mutua General de Seguros no que se indica:

Que non se desprende responsabilidade deste Concello, en concreto, e á vista da reclamación da lesionada, non se desprende que esteamos ante un espazo público impracticable ou perigoso para o tránsito de peóns, considerando que a existencia dunha mínima irregularidade na rúa, non constitúe unha anomalía fóra dos parámetros de racionalidade, e de entidade suficiente como ara provocar a caída da reclamante, quen podería evitala sen dificultade, cunha mínima atención pola súa banda, e máis sendo que os feitos parecen ocorrer a plena luz do día. Deben destacar que a caída prodúcese nun tramo de calzada, cando contaba cunha beirarrúa para transitar pola zona, e fora dun paso de péons. Tampouco constan caídas anteriores na mesma zona.

De existir algunha responsabilidade no acontecido, a mesma sería imputable a Telefónica, empresa que se encarga do mantemento da tapa na que afirma caer a agora reclamante.

A Xunta de Goberno Local acorda desestimar a reclamación.

PRP2020/0653

Dáse conta da reclamación formulada por Dona Stella Rodríguez Fernández, en representación de MAPFRE SEGUROS, na que reclama os presuntos danos sufridos o día 1 de febreiro de 2019, no vehículo matrícula 1595KMF, ao ser golpeado por un colector de lixo de cor amarela, cando circulaba pola Avda. Rosalía de Castro.

Dáse conta de informe de Mutua General de Seguros no que indica que a responsabilidade debería derivarse á empresa concesionaria encargada dos colectores amarelos e/ou propietaria dos mesmos.

Dáse conta de informe da Empresa concesionaria encargada dos colectores COREGAL, no que se indica que o colector dispón de freado.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno acorda desestimar a reclamación dado que non queda acreditada a responsabilidade municipal.

PRP2020/0654

Dáse conta de reclamación formulada por Dna. BEATRIZ RUBIANES LEIRO con DNI: 76868787G, o día 20/03/2019 e por D. SANTIAGO FERNÁNDEZ CASTRO con DNI35474021V o día 07/05/2019, polos presuntos danos sufridos o día 18/03/2019, cando segundo a súa manifestación, facendo a primeira unha manobra de aparcamento, rasca a defensa do vehículo matrícula 3812HJL propiedade de D. Santiago Fernández Castro, cun anaco de mástil de sinal no parking da zona TIR.

Dáse conta de informe do Xefe do Servizo Municipal de Vías e Obras, de data 29/01/2020, no que informa o seguinte:

Que esta reclamación tería que facerse á Autoridade Portuaria, xa que dita zona TIR pertence a esa entidade.

A Xunta de Goberno Local, vistos os informes emitidos acorda desestimar a reclamación presentada, xa que dos datos e demais circunstancias declaradas pola reclamante sobre o sinistro non se desprende responsabilidade algunha deste Concello..

Así mesmo, dado que os terreos onde se produciu o sinistro son titularidade da Autoridade Portuaria, no caso que consideralo procedente, deberá dixir a súa reclamación ao citado organismo.

PRP2020/0656

Dáse conta do recurso de reposición interposto por Dona Maria Dolores Reiriz Rodríguez contra o

acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2019, que desestimaba a reclamación de danos formulada por presuntos danos sufridos o día 4 de abril de 2019, cando segundo a súa manifestación, cae ao meter a perna nunha arqueta de saneamento que cedeu ao pisala na Rúa Ramón Cabanillas.

Tendo en conta que o recurso de reposición presentado non aporta novos datos ao expediente tramitado no seu día, a Xunta de Goberno Local acorda desestimar o citado recurso de reposición e ratificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de outubro de 2019.

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/0661

No BOP do 11 de febreiro de 2020, a Deputación Provincial publica a posta en marcha do Plan de termalismo social “DEPOTERMAL 2019”, que ten por finalidade fomentar o envellecemento activo e mellorar a calidade de vida das persoas, ao que se poderán adherir os concellos da provincia que actuarán como entidades colaboradoras na súa xestión.

Vista a proposta da Concelleira Delegada da Área de Persoas Maioras a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión ao programa DEPOTERMAL 2020 o que supón:

1. Coñecer e aceptar as bases da convocatoria
2. Adherirse ao plan “Depotermal” 2020
3. Actuar como entidade colaboradora na súa xestión e cumprir coas obrigas que se establezan nas bases reguladoras segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).

CULTURA

PRP2020/0719

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Aprobar o orzamento para a celebración do Entroido 2020, dende o 22 de febreiro ao 1 de marzo de 2020, coa celebración de distintos actos (Festival de Comparsas, Festival Infantil, Desfile de concurso de disfraces, etc.) por importe de 14.495,50 €, coa seguinte desagregación:

DATOS	CONCEPTO	IMPORTE	PARTIDA
Festival/CONCURSO de Comparsas día 23-02-2020	Premios segundo o establecido nas bases	3.000,00 €	334.48100
Premios desfile de martes de Entroido o día 25-02-2020	Premios segundo o establecido nas bases	5.300,00 €	334.48100
Accesit Choqueiros	Premios segundo o establecido nas bases	1.000,00 €	334.48100
Asociación Cultural e Deportiva Airiños da Lanzada	Comparsa que participa no desfile de martes de Entroido	300,00 €	334.22609
Daniel Barreiro Garrido	Actuación de Dani Barreiro&Kids no festival infantil de Entroido o día 24 de febreiro na Praza da Peixería	1.100,00 €	338.22799
Carlos Crespo Gómez	Actuación Duendeneta o día 25 de febreiro na entrega de premios do desfile de martes de Entroido	544,50 €	338.22799
Ademar Silvoso Abal	Presentación do Festival de Comparsas 2020	242,00 €	338.22799
Os Terribles de Arousa	Actuación do grupo de gaitas no enterro da Sardiña de Vilaxoán o 29 de febreiro	391,00 €	334.22609
Asociación Cultural Malveiras	Actuación do grupo de gaitas no enterro da Sardiña en Carril o día 1 de marzo	391,00 €	334.22609
Autocares Castro Caldelas SL	Desprazamento do Follón Os Labregos de Trives a Carril o día 1 de marzo	627,00 €	338.22699
Miguel Miguéns Martiñán	Preparación de degustación de produtos típicos para o Festival de Comparsas e Enterro da Sardiña en Vilaxoán	850,00 €	338.22799
Gastos imprevistos (Xardíns,		250,00 €	338.22699

Obras....) estimativo			
Prensa (estimativo)		500,00 €	338.22602
TOTAL		14.495,50 €	

Segundo: Aprobar a provisión de fondos a favor da Concelleira Dona Luz M^a Abalo Pérez, por un importe total de 9.300 €, coa seguinte desagregación:

DATOS	CONCEPTO	IMPORTE
Festival/CONCURSO de Comparsas día 23-02-2020	Premios segundo o establecido nas bases	3.000,00 €
Premios desfile de martes de Entroido o día 25-02-2020	Premios segundo o establecido nas bases	5.300,00 €
Accesit Choqueiros	Premios segundo o establecido nas bases	1.000,00 €

PRP2020/0720

Vista a solicitude de D. Juan Francisco Gómez Brugal, en representación de Sistema Producciones Artísticas SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 25 de abril de 2020, durante todo o día, para a celebración do espectáculo ROMEO Y JULIETA, a cargo do Ballet de Moscú, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

A venda de entradas será a través da canle Ataquilla.com, cun prezo único de 29 € e haberá un prezo especial para grupo de 20 € máis os gastos de xestión, e a recadación será para a entidade solicitante.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de sala: 137,70 €
- Operarios (2): 275,40 €
- Persoal de taquilla (2): 81,60 €
- Operario (Conserxe): 53,55 €
- TOTAL: 812,95 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2020/0721

Vista a solicitude de D. Lluís Rovira Yagüez, en representación de Transeduca Acció Educativa SL, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 13 de febreiro de 2020, en horario de 9:30 a 14:30 horas, para a representación da obra teatral "Lazarillo de Tormes" dirixida a alumnos/as de centros educativos de educación infantil, primaria e secundaria de Vilagarcía, cun prezo de entrada de 6,20 € para cada un/ha dos/as alumnos/, sendo a recadación para o solicitante.

Deberán asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal. Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 264,60 €
- Responsable de Sala: 6 horas (estimativas) = 61,20 €
- Operario: 6 horas (estimativas) = 61,20 €

TOTAL: 387,10 €

Dar conta ao Departamento de Rendas

PRP2020/0722

Vista a solicitude de Dona Mercedes Álvarez Fernández, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 29 de febreiro de 2020, para a proxección dun filme "Historias de Nuestro Cine", co fin de recadar fondos para unha Asociación sen ánimo de lucro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboadado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado.

PRP2020/0723

Vista a solicitude de Dona Sara Seijo Novoa, en representación das Escolas Unitarias de Arousa (EEI ARALDE-SOBRÁN, EEI VILAR-BAMIO, EEI GULLÁN e EEI SOLOBEIRA), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, o día 22 de abril de 2020, para a celebración dunha actividade que consiste nun planetario para o alumnado das citadas escolas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no

Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

